

D. FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO, en calidade de **SECRETARIO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN** da entidade mercantil **INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.**, con C.I.F. A-15683477, e inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña baixo a folia SC-21.392, tomo 2.185, folio 213 do Arquivo, Sección Xeral, inscrición 1ª,

CERTIFICA:

1.- Que con data 29 de xuño de dous mil quince, ás nove horas e trinta minutos, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Excmo Concello de Santiago de Compostela, reuniuse o socio único e constituíuse a Xunta Xeral Ordinaria da sociedade municipal **INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.** Unipersonal con carácter de **UNIVERSAL**.

2.- Que tras declararse validamente constituída, preside a Xunta **D. MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ**, e actúa como Secretario **D. FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO**, coa seguinte orde do día:

PUNTO 1: Aprobación das contas anuais e distribución de resultados relativos ao exercicio 2014.

PUNTO 2: Redacción, lectura e aprobación, se procede, da Acta da Xunta Xeral Ordinaria e designación dos membros da Asemblea que asinarán a acta por delegación.

3.- Que na Acta figura o nome de todos os asistentes que por unanimidade a aproban. A Acta foi asinada, por delegación dos presentes, polos seguintes Concelleiros: Dona María Rozas Pérez, Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, Don Rubén Cela Díaz e Don Gonzalo Muíños Sánchez.

4.- Que tras presentarse as **CONTAS ANUAIS** correspondentes ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2014, formuladas polo Consello de Administración en data 27 de marzo de 2015, xunto co Informe de Auditoría e despois de diversas deliberacións, o socio único adopta entre outros os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2014, pechado a 31 de decembro de 2014, que se compoñen do Balance, a Conta de Perdas e Ganancias, o Estado de Cambios do Patrimonio Neto e a Memoria, que foron formuladas polo Consello de Administración da sociedade con data 27 de marzo de 2015, seguindo o seu modelo abreviado.

As Contas Anuais aprobadas uniranse á acta da sesión formando parte integrante da mesma.

SEGUNDO: Aprobar a distribución dos resultados do ano 2014 nos seguintes termos:

Base de reparto	Exercicio 2014
Perdas e ganancias (129)	25.948,57
TOTAL A DISTRIBUÍR	25.948,57

Distribución	Exercicio 2014
Reservas voluntarias (113)	25.948,57
TOTAL DISTRIBUÍDO	25.948,57

IGUALMENTE CERTIFICA:

1.- Que no Balance de Situación aprobado recóllese un importe total das partidas de activo e de pasivo de 1.239.068,07 euros e un importe total das partidas de Patrimonio Neto de 379.910,91 euros. A Conta de Perdas e Ganancias aprobada presenta un resultado final despois de impostos, de 25.948,57 euros.

2.- Que a Sociedade pode formular as Contas Anuais de forma abreviada e non está obrigada a elaborar o Informe de Xestión nin o Estado de Fluxos de efectivo, de conformidade cos artigos 257, 258 e 262 do Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

3.- Que de conformidade co establecido no artigo 366.1-2º do Regulamento do Rexistro Mercantil, faise mención expresa, baixo fe do certificante, que as Contas Anuais formuladas polo Consello de Administración foron asinadas por todos os seus membros.

4.- Que as Contas Anuais foron sometidas a auditoría obrigatoria de acordo co establecido na disposición adicional segunda do Real Decreto 1517/2011, de 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de Auditoría de Contas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2011, de 1 de xullo. Neste sentido, e mediante acordo do Pleno da Corporación do Concello de Santiago, constituído en Xunta Xeral Universal de INCOLSA, de data 27 de xuño de 2013, nomeouse como auditor titular da sociedade para os exercicios 2013-2015 (ambos inclusive) á firma Juan Capellá Auditores, S.L.P.. Con data 30 de marzo de 2015, a devandita firma emite informe de auditoría favorable sen ningunha limitación sobre as contas anuais correspondentes ao exercicio 2014. As contas anuais que se depositan correspóndense coas auditadas.

5.- Que a Sociedade non realizou operacións con accións propias durante o ano 2014.

En proba de conformidade, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, a 14 de xullo de 2015, co visto e praxe do Presidente do Consello de Administración.

O PRESIDENTE DO CONSELLO DE
ADMINISTRACIÓN

Dona Martiño Noriega Sánchez

O SECRETARIO DO CONSELLO DE
ADMINISTRACIÓN

Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo